

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal en réxime de interinidade, dun posto de tremoeiro/a (ED.A11.00.0005.15770.087)

Asunto: resolución de modificación da listaxe definitiva das persoas admitidas ao procedemento

O Tribunal nomeado mediante Resolución do 21.11.2023, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade, en sesión que tivo lugar o 20.02.2024,

ACORDOU:

Primeiro.- Logo da renuncia da primeira persoa candidata seleccionada e despois de examinar a documentación achegada pola seguinte persoa candidata, segundo a listaxe definitiva publicada o 26.01.2024, para a formalización da súa contratación para a cobertura temporal do posto de tremoeiro/a, aprobar a modificación da listaxe definitiva de persoas admitidas no proceso de selección, de acordo coa listaxe que se achega como **Anexo I**, por orde de prelación segundo a puntuación obtida en función dos méritos alegados e en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento.

Segundo.- Publicar na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (www.industriasculturais.gal) a listaxe definitiva modificada de persoas admitidas, con expresión da puntuación obtida e coa correspondente orde de prelación.

Terceiro.- De acordo co disposto no punto 5.5 das bases da convocatoria, se a persoa candidata seleccionada non presentase toda a documentación requirida no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante, segundo a orde de prelación da listaxe definitiva publicada, que deberá presentar no prazo requirido a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Contra este acordo, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de selección
María A. Antón Vilasánchez



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS POR ORDE DE PRELACIÓN DA
PUNTUACIÓN OBTIDA

PERSOA SOLICITANTE	DNI	PUNTUACIÓN
Vidal Álvarez, José Angel	***0732**	1,95
González Rivera, Rubén	***4373**	0,90
De Dios Alonso, Benito	***8643**	0,85
Amazoa Dávila, Beatriz	***0969**	0,75
Diéguez Sobrino, Asunción	***5113**	0,75
García Albite, José Antonio	***0023**	0,75
García Gayoso, Pablo Luis	***5895**	0,75
Peleteiro Román, Francisco	***9509**	0,75

